

**Semana da Eurocidade
Monção-Salvaterra de
Miño**

Páxina III

**ACUBAM aposta pola
comunicación dixital
das empresas do rural**

Páxina XI

**A Guarda pon en
marcha a campaña
«todo moi preto»**

Páxina XVII

**13 atletas do Deu-la-
Deu Karaté Clube de
Monção participan no
Campeonato Europeu**

Páxina XVIII

**Aberto o prazo de
exposición pública do
Inventario Municipal na
Guarda**

Páxina XX



A Deputación de Pontevedra destinou en 3 anos case 30 millóns de euros ao Condado e A Paradanta

Páxinas XII e XIII



ecocelta®
Naturaleza en equilibrio

Ecocelta co campo galego

**Abonos e sustratos
ecolóxicos**

**Materias primas
de Galicia**

Ecocelta Galicia, S.L. T. 986 645 487 administracion@ecocelta.com
Crt. PO-253 km 0,8 Pontacóns-Pías 36895 Ponteareas



MISCELANEA

Raimundo Amador e Vargas Blues Band nas Festas do Porriño



Metade homes, metade guitarras. Dous grandes músicos por cuxas veas corre o blues, Vargas Blues Band, con Javier Vargas á fronte e Raimundo Amador, sóbense o 29 de Setembro ao escenario das festas Do Cristo no Porriño, as 22:30h. na rúa Domingo Bueno, nunha velada na que o flamenco e o blues serán os protagonistas. Uns guitarristas que non estarán sós, xa que estarán acompañados sobre as táboas polos músicos da Vargas Blues Band, incluídos Bobby Alexander e John Jagger (sobriño de Mick Jagger) e tamén polos músicos habituais de Raimundo Amador. Arte polos catro custados, encanto, sentimento e paixón no espectáculo, no que haberá tempo para os temas máis aflamencados de Raimundo e tamén para as escaladas eléctricas de Javier Vargas co seu Blues Latino.

A Praza de Antonio Palacios, xunto ao Concello, será escenario de concertos como o de Caxade o sábado 22, que actuará en sesión vermú tras el pregón, o luns 24 será o de Xulio Lorenzo, ás 21h. e o 28 de setembro o de Noemí Fernández ás 20:30h.

Raimundo Amador

Nos anos 70 Raimundo Amador e o seu irmán Rafael xunto con Kiko Veneno fundaron

o grupo Veneno e no 81 os dous irmáns Amador formaron o seu grupo Pata Negra no que fusionaban o flamenco e o blues.

No 86 sepáranse e Raimundo colabora con artistas como Morente, Sorderita, Ketama, Martirio, Javier Vargas, Luís Auserón, Los Rodríguez, etc. Logo comeza unha andaina en solitario no 95 co disco Gerundina e no seguinte disco, En la esquina de las Vegas, conta coa colaboración de Andrés Calamaro e do gran B.B.King co que graba un disco en directo nas Ventas.

O señor Javier Vargas segue Celebrando na estrada as súas máis de 40 anos no mundo da música. Madrileño pero de ascendencia arxentina, Javier Vargas é un viaxeiro co blues pegado á sola dos zapatos con máis de 20 discos ás súas costas. Blues, ritmos latinos, rock, country, reggae-rock, flamenco, fusión, hard rock... tocando en "solitario", coa Vargas Blues Band ou colaborando cos mellores artistas do mundo. De feito, ao longo da súa carreira, Javier colaborou con artistas da talla de Salvador Domínguez, Jeff Espinoza, Carlos Santana, Alvin Le, Glenn Hughes, Prince, Miguel Ríos, Manolo Tena, Raimundo Amador, Joaquín Sabina ou Carmine Appice, entre moitos outros.

Mondariz acolle a mostra «Achega das mulleres á sustentabilidade do Mar»



Coa presenza da deputada Digna Rivas, e do alcalde de Mondariz, Xoán Carlos Montes Bugarín, a Praza de Abastos da vila foi escenario da inauguración da exposición da Deputación de Pontevedra «Sustentabilidade en Feminino: Achegas das Mulleres á sustentabilidade do mar», que as persoas interesadas en coñecer a participación e o papel da muller no mundo do mar poderán visitar ata o próximo 1 de outubro.

«Sustentabilidade en feminino» chega a vila do Condado tras o seu paso polo Museo do Mar da Guarda, o Campus de Ourense, o Campus de Vigo e o de Pontevedra. De feito, foi neste último Campus da Universidade viguesa e da man da directora do proxecto, María Álvarez Lires, onde xurdiu a idea de impulsar unha exposición para visibilizar o papel da muller e a súa con-

tribución na economía do mar, poñendo en valor o traballo que as mulleres desenvolveron ao longo dos séculos en relación co mundo marítimo.

A mostra está composta por vídeos, fotografías de redeiras, de mariscadoras, de vendedoras de peixe, de mulleres salgando ou conservando, científicas como a oceanógrafa Ángeles Alvariño ou a que fora directora do Instituto Español de Oceanografía Aida Fernández. «Sustentabilidade en feminino: achegas das mulleres á sustentabilidade do mar» recolle tamén imaxes, moitas delas inéditas, que serven para recuperar nas aulas o invisibilizado saber das mulleres do mar e promover a igualdade e a acción positiva entre os futuros profesionais e científicos.

A exposición, que pode ser visitada polo público xeral, estará aberta de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.

O remendón CERRAJERO 

- Apertura de portas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado



Rosalía de castro, 61
Salvaterra de Miño

637 764 865
www.cerrajeroremendon.com

 **O noso Eido**

Especialidades en: Angulas e Lampreias, Peixes do Río, Chocula a Fría, Bacalao e Kikos a la brasa.

RESERVAS: Ana 651 040 534 Coke 646 424 968
Telf. 986 658 313 Rúa da Fraga, 5 SALVATERRA DE MIÑO (PO)

 **PINTURAS FERNANDO MIGUEZ**

Rúa Arxentina, 11- Salceda de Caselas
☎ 886 115 548

Rúa Galicia, 5 - Salvaterra de Miño
☎ 986 658 529

Móvil 645 316 524
pinturasfernandomiguez@hotmail.com

Semana da Eurocidade Monção-Salvaterra do Miño

A primeira edição da “Semana da Eurocidade Monção – Salvaterra do Miño”, a realizar entre 25 e 30 de setembro, engloba diversas atividades que visam reforçar o relacionamento social, cultural, desportivo e económico entre as duas regiões transfronteiriças.

Neste período, está prevista a realização de conferência, roteiro noturno, concerto musical, espetáculo de dança e jogos tradicionais. Esta iniciativa conjunta engloba ainda a assinatura de Protocolo de Colaboração entre o Concelho de Salvaterra do Miño e Associação Humanitária dos Bombeiros Voluntários de Monção.

A conferência, marcada para o dia 25, terça-feira, pelas 19h00, realiza-se na Casa Museu de Monção/UM, subordinada ao tema “Mobilidade Transfronteiriça: Viver em Portugal, Trabalhar na Galiza; Trabalhar na Galiza, Viver em Portugal”, da autoria de um representante do EURES Transfronteiriço.

No dia 27, quinta-feira, pelas 12h00, o salão nobre do Concello de Salvaterra de Miño recebe a assinatura do Protocolo de Colaboração entre o Concelho de Salvaterra do Miño e a Associação Humanitária



dos Bombeiros Voluntários de Monção.


No dia seguinte, com início às 21h30, realiza-se o roteiro noturno pela Eurocidade. Com distância de 4,5 quilómetros e duração aproximada de 2h30, consta de caminhada pelas muralhas e ecopistas dos dois municípios, com saída do Parque das Caldas, em Monção, e chegada ao Parque da Canuda, em Salvaterra de Miño.

A caminhada é gratuita, sendo necessária a respetiva inscrição, a qual deve ser feita em formulário próprio, acedendo ao link <https://goo.gl/8pzKJp>, na Loja Interativa de Turismo de Monção, no Posto de Turismo de Salvaterra de Miño e na sede da Eurocidade. Refira-se que não está disponível transporte de regresso a Monção. Aconselha-se lanterna, refletor, calçado apropriado e água.

Julia Rodrigues representa ao Miño no “Recantos” do Luar

Julia Rodrigues, natural de Pesqueiras, Salvaterra de Miño, sempre teve claro que nacera por e para a música. Por isso, desde os 3 anos começou a formar-se numa academia de música, e anos mais tarde, começava a sua carreira profissional no conservatório ‘Mayeysis de Vigo’, nas especialidades de piano e canto, compaxinando á vez cos correspondentes estudos de ESO, Bacharelato e universidade. Actualmente está a preparar-se para fazer as probas de acceso a superior de música.

Dende entón, e grazas ao seu empeño, esforzo e dedicación, tivo a oportunidade de facer diversas actuacións, entre elas compartir escenario con “Los chicos del coro” de Francia, actuar coa ópera “Carmen de Bizet”, formar parte do elenco de musicais a favor de UNICEF como “Cantando bajo la lluvia”, “El libro de la selva”, ou “Ollos de Lume” e tamén participar diversas veces no programa “Kafetín Musical” da Televisión local de Vigo, ou máis recentemente pisar o escenario de



“Bamboleo” na TVG.

Ademais, nunca deixou pasar a oportunidade de presentarse a todos os casting posibles, logrando chegar a estar no casting final en Madrid de “X Factor España” en 2017 e actualmente, ser eleixida como a nova recanteira que representará toda a zona do Miño no programa Luar da Televisión de Galicia nesta 9ª edición que comezou o 14 de setembro.

Tócalles cantar o venres 5 de outubro, e a xente pode apoiála cos votos a través do número de teléfono que sairána pantalla, ou tamén mediante as redes sociais (Whatsapp, Facebook e Twitter) nas que aparece como Julia Rodrigues.



MISCELANEA

Cordeiro à moda de Monção vencedora das 7 Maravilhas à Mesa

A Gala Final do concurso 7 Maravilhas à Mesa, cujo programa foi transmitido em direto pela RTP1, no domingo, desde a Praça dos Pescadores em Albufeira, apresentado por José Carlos Malato e Catarina Furtado, revelou a lista vencedora das 7 mesas mais votadas, entre as quais se inclui a “Mesa de Monção – Cordeiro à Moda de Monção”.

A mesa de Monção é constituída pelo “Cordeiro à Moda de Monção”, envolvendo o vinho Alvarinho e aguardente velha do Palácio da Brejoeira, o património local simbolizado pelo Palácio da Brejoeira, incluindo a sua adega, a componente museológica representada pelo Mu-

seu Alvarinho e um evento de afirmação territorial, a Feira do Alvarinho.

O “Cordeiro à Moda de Monção” é um prato com uma longa história no concelho de Monção, confeccionado de forma tradicional. A preparação deste prato demora mais de 24 horas, entre os banhos e a cozedura. O cordeiro é colocado em cima do alguidar de barro vermelho para pingar no arroz amarelo (feito com açafrão e água de um cozido à portuguesa), e levado a forno de lenha, previamente aquecido.

Venceram, para além da Mesa de Monção, a Mesa de Albufeira, Mesa das Lajes do Pico (Açores), Mesa de Vila Real, Mesa Terras da



Premio Festas de Setembro Memorial Josiño en Ponteareas



O domingo 16 disputouse en Ponteareas o gran premio Festas de Setembro, Memorial Josiño, onde participaron mais de 400 ciclistas e onde clubs de toda Galicia acudíronse para participar nunha gran proba, que ano tras ano logra superarse.

Este ano dedicáronllo a Josiño, neno do club que durante un adestramento

un vehículo arreatoulle a vida, e por iso realizaron un acto no que participaron todos os clubs de Galicia.

Os deportistas de todas as idades desta do Club Ciclista Ponteareas estiveron presentes en todos os podiums da proba, tales como Jorge Fernández, Vania, Alba e Brais Gregores, Iria Barroso e Arón Porto.

O PP do Porriño reclama melloras na parroquia de Cans

O grupo municipal popular do Porriño reclama ao Goberno Municipal melloras e arreglos na parroquia de Cans. Os populares apuntan que a falta de xestión do goberno porriñés no rural e as carencias que están a padecer os núcleos rurais do municipio queda de manifesto en Cans.

Así reclaman que, de maneira urxente, se proceda a levar a cabo as melloras e actuacións precisas para garantir o correcto estado das dotacións da parroquia e soslventar os problemas de seguridade que conleva o xa dilatado no tempo abandono da zona. Apuntan en primeiro lugar aos bancos de madeira do torreiro de festas, que se atopan destrozados coas táboas rotas e levantadas e puntas metálicas ao aire, o cal supón un evidente risco para os usuarios.

Por outra banda, urxen á reparación dun dos valados de protección dunha das estradas da Graña cuxo único arreglo pasou por colocar uns conos e cinta plástica.



EDITORIAL

Por: Guillermo Rodríguez. Director



Ordenando a miña alacena (VII)

Hoxe vou entrar no meu cesto de cereixas, que teño na miña alacena, porque senón vai botar por fóra.

Nos últimos tempos as “perlas” que nos ofrecen os nosos gobernantes son tan abundantes que ou vou baleirando ou teño que ampliar a alacena.

Ultimamente todos os que temos a manía de ler xornais e libros, atopámonos con problemas para saber se nos estaban informando ou se pretendían narcotizarnos. Aos medios de comunicación habituais xa non lles importa se informan ou desinforman. Todo vale. Cada quen varre para súa casa. O lector é o de menos.

Nos últimos meses cheguei a un grao de rexeitamento que xa leo soamente os titulares, igual que fai a maioría da xente que non perde o tempo na letra pequena. Comparar os titulares de dous ou tres xornais o mesmo día e comprobar e constatar quen lles paga. É tan descarado que dan ganas de vomitar.

Logo din que a xente non le prensa, que xa non vai aos quioscos mercar xornais. Obviamente. E non é porque poida lellos en internet, que tamén, senon que chegamos todos á conclusión de que o que publican os xornais, chamados de esquerda (que xa hai que botarlle valor para tal cualificación) e o que publican os clásicos da dereita, parécese un montón. Agás algunhas veces que te podes atopar cun comentarista ou dous que merece a pena lellos; non porque che vaia contar nada novo, senón que, polo menos non te enganan tan descaradamente.

Claro que agora podemos ir á rede e ler certos xornais, poucos, que están facendo un xornalismo de guerra. Grazas a eles puidemos saber dos famosos másters, das miserias reais, de como se reparten os nosos cartos. Non sei canto tempo imos

que cambiar o chip ou desaparecen. De feito nos últimos anos levan desaparecido centos de xornais que ata poucos anos atrás eran considerados como a biblia da información. No Estadio Español xa non temos referentes que seguir. Aqueles que na

chamada Transición apareceron como o ungüento de Fierabras hoxe traballan pro domo sua, que dirían os clásicos. Quen te viu e quen te ve, podemos dicirlles a moitos deles, Por máis que pretendan facernos crer que seguen sendo os de antes xa ninguén os cre. A mestura de intereses políticos que foron e xa non son; a implicación en operacións políticas de calado tentando cambiar o curso do Amazonas deixouno, como vulgarmente se di, co cu ao ar.

Que dicir das canles de televisión? Aquí podes dicir tres cuartos do mesmo. Nos últimos tempos asistimos a unha encarnizada loita da dereita por manter o control da TVE e da Radio Nacional. Eran dous medios de comunicación cunha grande audiencia que lles sacaba as castañas do lume. Os propios traballadores dos medios tiveron que sublevarse porque xa non aguantaban máis o control político ao que se vían sometidos. O novo goberno vén de cambiar algo a situación; veremos en que queda todo finalmente, porque a partida aínda non rematou.

En próximas entregas falaremos de como quedan todas esas cousas pendentes de másters, de plaxios, de vendas de armas intelixentes que non manta, só asustan, ao parecer. Ata ese momento aconsello que lean as viñetas de humor dos xornais con atención; son as mellores fontes de información que temos. Por algo están tratando de meter no cárcere a un rapero que din non respecta as sacrosantas normas de boa conduta. Queren poñerlle portas ao mar, pero o mar, non só polo cambio climático, senón porque é imparale demostrará que xa non hai quen o deteña. A intelixencia, a capacidade de resistencia de certos sectores intelectuais deste País saíran airosos desta guerra desigual do Poder contra a intelixencia, contra a verdade, contra a vontade de facernos oír, de non deixar que nos calen.

Vdes. berren, protesten contra todo tipo de abusos; sexan vdes. mesmos, non permitan que lles marquen o paso; xa se acabou o tempo da mili obrigatoria; agora podemos e debemos ser nós mesmos quen decidamos a que paso andamos ou corremos. Só así poderemos demostrar que xa non poden calarnos; que xa non nos representan, alomenos desta maneira. Que estamos dispostos a loitar por coñecer a verdade do que nos rodea; de sacarnos de enriba tanta mentira, tanta inmundicia, tanta falsidade.

A verdade vos fará ceibes, dínnos a modo de slogan. Collámolo como unha verdade revelada. Efectivamente, só a verdade pode satisfacer as nosas ansias de liberdade.

Sexan felices se poden.



FUCO PRADO



OPINIÓN

Cadernos da viaxe

Xoán Antón Pérez-Lema

A minoría supremacista

“Hablamos español” fracasou nas súas convocatorias de agosto, malia escoller datas de feiras en localidades con moitos turistas do resto do Estado: Sanxenxo, Baiona e Compostela. Mesmo entraron en conflito con elementos salientábeis do PPdeG, como o alcalde de Sanxenxo. De certo que a súa mensaxe ríspida, nin empática nin simpática, de brancos e negros, confronta de máis cos grises e relativísimos galegos, coa tolerancia, a amabilidade e a cordialidade que adoitan rexer as relacións interpersoais neste país atlántico.

Diran moitos de vostedes que non

paga a pena escribir a respecto desta xente. Que viven fóra da centralidade, son moi curta minoría e non representan case a ninguén. Isto é verdade, mais só se atendemos á realidade social de Galicia. Porque esta corrente, reducida e radicalizada, conecta con amplas capas da poboación nos territorios unilingües do Estado. Conecta con ese “mainstream” supremacista español que marca a axenda política da dereita española e na que se insiren os líderes de Cs e PP, Albert Rivera e Pablo Casado, canda os extremistas de Vox.

O discurso de “Hablamos español” é a negación da realidade. O problema na

Galicia non o ten o omnipresente castelán, senón a nosa lingua propia, vetada en máis da metade do sistema educativo e moi minorizada nas Administracións do Estado e de Xustiza, na empresa, na publicidade e nos media. O discurso de “Hablamos Español”, como o do seu fundador Galicia Bilingüe proxecta unha realidade deturpada onde o opresor transfórmase en oprimido.

Esta mensaxe non pretende ser maioritaria na sociedade galega, mais si cohesionar e alargar unha minoría moi influínte, que marque a axenda política, que impida de feito a oficialidade do galego, a vitalidade da nosa cultura, o desenvolvemento da nosa economía e a restauración da nosa autoestima. Quere dividir á sociedade

galega e presentar aos que defenden os nosos dereitos e intereses como o que son eles, como sectarios, intolerantes e pouco empáticos. Queren pór o mundo ao revés e que as súas teses supremacistas pasen por ideas razónabeis.

Fronte esta mensaxe de división, de exclusión do que é noso e de minorización dos nosos dereitos e intereses cómpre opór unha mensaxe en positivo, transversal, incluínte e pedagóxica que, porén, non lles pase unha no ámbito do debate das ideas e na definición da axenda política.



Seica xa hai oposición

A última reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia permítelle aos grupos da oposición impór unha única comisión de investigación por cada lexislatura, malia estar en minoría fronte a maioría absoluta do PP. Trátase dunha única bala que cómpre usar do zeito máis acaído. E teño para mín que En Marea, BNG e PSdeG, que decidiron rexistrar este luns a solicitude de activar automaticamente unha Comisión de investigación sobre os recortes sanitarios e a deterioración no servizo público xerado das dúas resultas, acertaron no contido, na forma e no tempo.

O contido da Comisión é un acerto, porque o servizo sanitario é a cerna do Estado do Benestar. O austericidio de Núñez Feijóo ten deteriorado moi

gravemente a calidade da sanidade pública galega e as condicións de traballo dun persoal sanitario que tenta manter adoito coa súa profesionalidade e traballo o servizo. Unha deterioración que atinxe tanto a asistencia primaria como a hospitalaria e que se manifestou en incidentes da gravidade do falecemento dun usuario nun PAC d'A Estrada no que non había ningún sanitario ou as restricións á dispensación de fármacos aos afectados pola hepatitis C, que determinou a apertura de pescudas xudiciais por homicidios imprudentes.

O intre procesual é o axeitado. A lexislatura acadou a súa metade e a cidadanía quere albiscar que existe alternativa ao amargo cóctel de dependentismo, continuismo e recurtes do Goberno de Núñez Feijóo. Velaí

por qué tamén foi acaída a presentación, nunha inédita rolda de prensa ofrecida polos tres voceiros: Luís Villares, Xaquín F. Leiceaga e Ana Pontón. Unha foto que transmite capacidade de cooperación, sensibilidade pola deterioración dos servizos públicos e sentido de País.



Claro é que a esta iniciativa haberían seguer outras varias, nomeadamente unha estratexia común para frear o despoboamento e pór en valor o territorio, afirmar a lingua, a cultura e o

autogoberno e ofrecer unha política industrial e de promoción empresarial coordinada, atendendo aos abusos centralistas das peaxes da AP9 e da tarifa eléctrica que sofrimos, xustocando Naturgy ven de lle comunicar a 106 empresas do sector do automóbil galego que non lles poderá manter os

actuais acordos de prezos enerxéticos, diante da pasividade da Xunta.

Ogallá isto non fume de pallas e poidamos dicir que xa hai oposición.

Xornal galaico-portugués busca

XORNALISTA e COMERCIAL para ALTO MINHO

Condicións excelentes. Precísase curriculum e experiencia

Dirixirse a: redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Carlos Méixome

Tambores ao lonxe

Como o grave son dos tambores na cacería de leóns ou o agudo cornetín do sétimo de cabaleira, como as gaitas grileiras premidas por rufos varóns con saias de tartán ou peitos enchidos de cantos patrióticos nun desfile de nacións vitoriosas, anúnciansenos diversas batallas nas fronte electorais.

O panorama non é de sosego. Dez anos despois de Lehman Brothers e a derruba do castelo de naipes; unha década na que pasamos de moquearnos dos “mileuristas” a considerar que setecentos euros e dez horas de xornada non está nada mal; unha ducia de anos despois de “cepillarse” o estatuto referendado pola sociedade catalá, a tensión non acougou, nin semella que o vaia facer de inmediato. Non é o escenario máis aquelado para o exercicio da racionalidade democrática.

O período “rajoniano” da Segunda Restauración deixou o réxime coas vergonzas ao ar. Eran, son, moitas as porcalladas; exhibiu a podremia sobre a que se ergueu a forza da dereita, lexítima herdeira do franquismo; incendiou Cataluña; espantou a extrema dereita e, como sempre, o nacionalismo español, monárquico, católico e conservador enrabiase cando perde un chisco dun poder que considera lle pertence por dereito divino e consuetudinario. Aínda que sexa unha perda temporal e, ao fin de contas, deixarllo ao nacionalismo español progresista que semella permanentemente incapaz de afastarse da cerna monárquica-católica-imperial que constitúe a súa esencia e o incapacita para un mínimo respecto polos dereitos das outras nacións do Estado.

É posíbel que as escaramuzas comecen polo sur por mor da disputa entre as faccións da dereita lideradas por dous mozos de perfís físicos, e

non só, joseantonianos, o morbo de ollar como a conspiradora se agarra da levita de quen quixo ver cadáver e a incógnita dunha esquerda plural que pretende abandonar o secundario rol de conciencia.

No terceiro domingo de maio as espadas bateranse con intensidade, concello a concello, deputación a deputación, onde as haxa, e nas autonomías regaladas da España “strictu senso” como diría un amigo meu. Se chegamos a esa altura sen ningún adianto polo medio o resultado global de milleiros de batallas parciais preséntase incerto.

A este escenario incorpórase Cataluña cos seus trespés independentistas nun estado de paciencia mobilizadora asombrosa, na que as provocacións violentas irán en aumento nun marco de elevada tensión. O Supremo pensa encetar o xuízo oral neste próximo outubro polo que a sentenza debería estar ditada antes de que remate o ano. Se hai condena, por rebelión ou por sedición, ou se retoma a vía política que Rajoy e o PP, Cidadáns e o Rei bloquearon ou haberá que agardar a Estrasburgo e serán moitos anos tanto para manter a dirixentes democráticos no cárcere como para que os seus abondosos apoios sigan a facer gala dun “seny” tan extraordinario.

En calquera caso as municipais de maio terán en Cataluña un desenvolvemento e unha lectura de resultados ben diferentes aos do resto do Estado. No País Vasco, oculto tras o velo mediático catalán, semella que a iniciativa política da nación irá recuperando o pulso de hai anos ao ritmo que a paz se asente. Onde non se agardan moitas mudanzas é entre nós; nin sequera se espera un fraccionamento substancial da dereita.

En desenvolvemento continuo aínda

que en datas diferentes: as “europeas”. Nunha Europa insolvente como proxecto político, frustrada como potencia económica tras unha década austericida, relegada polas potencias emergidas e seriamente ameazada pola política do “sálvese o que poida” que expande a xenofobia e o chauvinismo das nacións-estado como un andazo envelenado. Nestas un panorama similar: a excepcionalidade catalá e, con menos intensidade, a vasca, a



disputa entre o duopolio dereitista por ver quen apaña os votos do ascendente patriotismo “rojigualda” e da aparofobia, isto é, o odio aos que son aínda máis pobres ca ti. Onde non se agardan moitas mudanzas é entre nós.

Sobre o papel, a mediados do 2020 eleccións galegas e ao congreso; tamén vascas. Aínda que a entente Sánchez-Iglesias, co permiso dos catalanistas, tente prolongar ata o remate a lexislatura. Non estará moi claro ata os primeiros meses do ano que ven, cando pretendan aprobar os orzamentos. Todos teñen interese en que a lexislatura conclúa: ERC e PdeCat porque é a única posibilidade de diálogo; Sánchez para ocupar espazo central; Iglesias para axeitarse ao exercicio do poder e sobre todo para que a dereita se desangre na disputa polo espazo de irritación patriótico-español. Polo de agora non é desbotable que entre maio e xuño nos enleemos para escoller a pa-peleta. Se chegamos a 2020 co pro-

grama previsto, tam-pouco se a g a r d a n moitas mudanzas entre nós.

É unha triste e pertinaz realidade, da que son responsables as elites políticas, non a cidadanía. Uns dirixentes degorados por ollar para o centro peninsular e soñando con coller o avión de regreso o venres. É a nosa pauliña, os que mandan queren facelo en Madrid, aquí sábelles a pouco. Aínda non hai moito unha deputada abandonou o parlamento galego cando deu argallado para ir a Madrid, que é máis importante. O presidente segue mirando de esguello con ollos remelados para a rúa Génova: o de Casado non pinta moi ben e o abandono de Santamaría pode triturar dossiers. Pola outra banda agardan efecto Sánchez ou santificación papal a xeito de espiritual chí. O resto ou é ensimesmamento ou é indecisión.

A política ten moito de escenificación pero o público sabe ben, como cando vai ao teatro, que o que alí se representa non é a realidade. Aínda que uns a representen de xeito máis crible que outros. Por moito que poñan os papeis todo o mundo entende que o BNG é un partido e “mutatis mutandis” por outro tanto que teñan escrito todos sabemos que En Marea é unha coalición e non un partido, aínda que haxa moita xente que desexe isto último. Así que ambos deberían mellorar a súa capacidade de representación, tomar as cousas en serio e deixar os papeliños á parte. Un proxecto galeguista progresista é posíbel, se queren ensimesmados e indecisos. Non só é posíbel, senón preciso, urxente, agardado e reclamado. Nas súas mans está. Logo que non se queixen da xente. Xa poden ir ensaiando antes de 2020!



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
x.foroapeneira@gmail.com
Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxio Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglesias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 226-2018

OPINIÓN

Por Baldomero Iglesias Dobbarrio, Mero

Querer lembrar

Há un par de anos participei na elaboración dun monumento conmemorativo da memoria a 57 mulleres en Sartaguda. Foi un proxecto-homenaxe a aquelas mulleres que sufriron a represión e a dor, lembradas e traídas á reposición da súa/nosa honra. Mulleres que “os vencedores” deixaron sen homes e que foron por riba foron avergoñadas publicamente. De aí que lle chamaran “O pobo das viúvas”.

Por se alguén non sabe, xa desde o ano de 1980 Nafarroa deu conta, no Val dos Caídos, dun acontecer decidido e valente, van case corenta anos do suceso, cando familiares de republicanos asasinados chegaron a Cuelgamuros, en dous autobuses, e recuperaron os restos de 136 persoas para podelos enterrar de novo onde quixeran ter sido enterradas, na súa terra, cos seus.

Parte dos chamados “perdedores”, perseguidas e perseguidos polo franquismo e que quedaron no esquecer da silente transición, por fin repousaron

canda os seus. Foi o principio dunha loita, outra, que aínda dura e que se repite cando se fala de recuperar dignidade e repoñen a honra que, todo hai que dicir, é de heroicidade. Aqueles asasinados deixáronos primeiro polas gabias e arredores dos cemiterios, en fosas comúns ou tirados polos precipicios do mar. Despois “amoreáronos” no Val dos Caídos. No conxunto do Estado serían, segundo o cómputo da causa fallada do xuíz Garzón, máis de 114.000 persoas. Desaparición forzada en tres mil cincocentas execucións quedaron prendidas de supostos números que quedaron impregnadas dos medos e silencios que hoxe perduran ao ver xente que aínda, despois do tempo, segue a perpetuar os crimes con xustificacións e escusas que non son razón, pero demostran a pouca capacidade de empatía coas que sofren a dor en propias carnes. En Nafarroa constituíron un movemento asociativo, a partir aínda do 2015 para romper as trabas que desde os organismos sempre lles puxeron. A Asocia-

ción Altaffaylla, composta por familiares e historiadores, realizou un primeiro cómputo de vítimas e buscou datos e informes nos arquivos que non foran destruídos. “Navarra, de la esperanza al terror” recolleu un primeiro número de 2.850 persoas asasinadas en retagarda. Despois as familias foron creando as súas propia asociacións. Empezaron as exhumacións, Sartaguda, Cárcar, Funes, Marcilla, Andosilla, Murchante, Cortes... E fixeron unha programación urxente de exhumación, primeiro foron polos restos dos navarros executados na Academia Militar de Zaragoza, enterrados nunha enorme fosa común no cemiterio. Voluntarios, técnicos. Recuperaron por riba de varios centos, moitos, de restos de persoas. De Zaragoza a O Escorial. Aquilo fíxose ás prásas e sen rigor, de tal xeito que repartiron os restos entre 18 lugares distintos e con homenaxes correlativos en cada un dos lugares das vítimas de Nafarroa en Zaragoza. A Asemblea de Sartaguda iniciou novas exhumacións de fosas e conseguiron poñerlles nome ao recuperar os libros da prisión, con rexistros de saída para a execución, de Iruñea. Decenas de novas iniciativas xuntaron novos concellos e asociacións.

Pero o maior fito estaba por chegar, xa que un grande activista de memoria, Salvador Miguel



Amatria que foi alcalde de Sartaguda conseguiu a exhumación do Val dos Caídos grazas á determinación de tantas asociación e xente colaboradora. Foron 144 navarros, pero tamén 433 de Araba, gudarís e milicianos mortos na fronte de Legutio. Repatriaron aos executados enterrados no mausoleo de Franco, cando el xa estaba alí. Non saían de alí mentres non viñesen de volta cos seus heroes, e foron en dous autobuses cheos, mentres non lles devolvesen os restos. Sacáranos do medio da farsa aquela. Un informe de 1958, da Garda Civil tiña precisión do lugar onde se atopaban. Volveron para a casa sen identificar, unicamente poñía “descoñecido” en cada caixa. A Asemblea decidiu repartilos entre os pobos, aquelas 136 caixas, e en todos os lugares renderon homenaxe e, de momento, volveron á súa terra e á honra que merecen. E, pregunto eu, non habería que tomar nota e ir facendo aquí algo parecido desde unha mesma de dignidade?

Ramón Coira Luaces

Atacando o noso patrimonio

“Hablamos español” recolle asinaturas en Galiza contra a normalización lingüística do galego en Galiza, despois de séculos de represión e marxinalización do idioma propio. Porén eles danlle a volta a tortulla e a xente que defende o galego -o noso patrimonio común- e intenta evitar a súa extinción pasa a ser “intolerante” e “xenófoba”. Destruír o idioma dun pobo é destruír ese pobo. “Galicia Bilingüe” é o que ten: atacan Galiza desde dentro. Outros rematan a faena (taurina) lexislando contra o galego, non investindo apenas en cultura, financiando á prensa que relega ao anecdótico o idioma galego nas súas páxinas,... Boa parte do patriotismo español adoita ser así de “tolerante”. Borran ou aprópiense da Historia de Galiza, adulterándoa ou proscribíndoa dos libros de texto. Porque eles saben perfectamente que sen

pasado, sen memoria colectiva non somos nada. E sen idioma e sen cultura menos aínda. Se non fose que a aos galegos “nos aprecian”, diría que PP, C's e VOX intentan destruírnos como pobo e como realidade diferenciada, ante a indiferenza ou a complicidade



de demasiada xente, incluso do galeguismo conservador. O idioma é o noso principal sinal de identidade, o que nos diferencia e o que nos fai galegos. Hai quen por sobrevivir, por medrar, por comodidade ou por covardía decide complacerlos ou ser neutral. É un erro enorme. O que queren - e sempre quixeran ao longo da Historia- é cometer un xenocidio lingüístico e cultural. Pero se te resistes -como é o noso

deber- e non renuncias ao idioma dos devanceiros e o defendes, eres “fanático”, “intolerante” e “mal@ persoa”.



Coñezo ben esa cantinela. Porén eu prefiro intentar ser digno (porque a dignidade e a autoestima sono todo na vida) que caerlle ben a esa xente. O noso problema é que con frecuencia somos tolerantes até con quen nos quere destruír e como non nos gustan os problemas non lles poñemos cara de can. Eles sábeno, sorríen e abusan. E por iso nos gobernan, mentres espolian os nosos recursos naturais, contaminan a natureza e destrúen Galiza en todos os eidos. Hai quen os financia e hai quen os defende desde fóra e desde dentro. E así nos vai... Só sendo rebeldes -cunha rebeldía intelixente- poderemos sobrevivir e progresar como pobo. Paga a pena intentalo.

Belén Villar afirma que a «primeira asignatura pendente» é recuperar a Alcaldía

O PP de Ponteareas celebrou o seu inicio de curso político, no parque Ferro Ucha, cunha asistencia de máis de 500 persoas nun acto que serviu para nomear e apoiar á actual presidenta, Belén Villar, como candidata á alcaldía nas próximas eleccións municipais de 2019.

Belén Villar iniciou a súa intervención facendo fincapé no cambio que se produciu no contacto co afiliado desde que ela e o seu equipo presiden a formación. “Pedístesnos máis proximidade, pedístesnos máis transparencia, máis esforzo e estámolo facendo. Pero aínda temos unha materia pendente, recuperar a Alcaldía de Ponteareas”.

Villar pediu o apoio de simpatizantes e afiliados para que Ponteareas volva ser un municipio de oportunidades. “Fálovos de que os empresarios teñan chan industrial para que as súas empresas poidan crecer ou instalarse aquí. Isto inflúe no emprego, porque se as empresas instálanse fóra de Ponteareas, estamos a perder oportunidades de xerar postos de traballo para os nosos mozos. Fálovos dun apoio total ao comercio e a hostalería, que están totalmente abandonados por parte deste goberno. Fálovos de aforro, porque estamos a pagar a xestión dun tripartito, de tres partidos políticos que tentan, sen éxito, gobernarnos. Falo dunha mellor atención ás



Belén Villar, candidata do PP a alcaldía de Ponteareas nas Municipais 2019 con Ana Pastor e Alfonso Rueda

nas parroquias, en cousas tan básicas como limpeza e seguridade viaria”.

As parroquias de Ponteareas nunca estiveron tan desatendidas como con este alcalde e o seu goberno”, criticou Villar.

A candidata lembrou ademais que se perderon máis de tres anos no referente á aprobación do Plan Xeral. “Non foron capaces de sacalo adiante, tampouco foron capaces de continuar as obras e proxectos de saneamento que deixamos no anterior mandato”.

En relación a novos proxectos anunciou que traballará en “facer de Ponteareas un símbolo do ciclismo galego. Realizando un proxecto que permita aos

veciños gozar deste deporte e que nos sitúe como referente a nivel autonómico. Ademais avanzou que os mozos teñen que ter máis espazos de lecer permanentes para que non teñan que desprazarse a outros municipios veciños.

Tamén un maior apoio á cultura e o turismo do que dixo levar o nome de Ponteareas por todo o mundo, entre os que enxalzou a compositores como R. Grova, R. Soutullo e a coñecida festa do Corpus Christi.

En educación e materia social avanzou que é necesaria “unha reordenación e novos servizos”, e lamentou que Represas e o seu goberno tripartito dedíquense a confrontar coa Xunta e non cumpran as súas promesas electorais, que tanto solicitaban desde a oposición, por iso preguntou aos asistentes se coñecían algún centro de día ou gardería municipal nova.

O lugar escollido para o inicio do curso político, o céntrico parque Ferro Ucha, foi posto como exemplo por Villar de aposta de colaboración entre administracións. “Antes ti-

ñamos unha Deputación que si investía no noso municipio e con ela logramos realizar parques como este que fan de Ponteareas un lugar máis verde e máis aberto”.

A candidata tamén explicou a situación económica financeira actual do Concello, “dicían que deixamos arruinado ou Concello, e nada máis entrar en 2015 incrementaron partidas destinadas ou seu autobombo e publicidade”. Ademais Villar lembrou que o actual goberno, que tanto

oito anos”.

Por último Villar agradeceu a confianza depositada nela para alcanzar o reto de recuperar a Alcaldía en 2019 e animou aos afiliados a que lle acompañen durante estes oito meses que quedan. “Voume a presentar ao exame coa mochila cargada de ilusións pero non de fantasías. Imos loitar por Ponteareas desde a humildade e a dedicación, comprometéndonos co que estea ó alcance das nosas mans. A confianza non podemos comprala. Cada día temos que manter a confianza dá xente. Amigos eu non vos vou a defraudar. Non sei se vos veciños darannos ou non ou sobresaliente, ou que se vos aseguro é que chegaremos a maio xuntos, cos deberes feitos e a lección aprendida” sentenciou a candidata.

Alfonso Rueda destacou a valentía de Belén Villar, da que dixo está seguro de que será “a próxima alcaldesa” de Ponteareas e animou a que traballe duramente para conseguir de novo a maioría absoluta.

Ana Pastor tamén interveu para desexarlle sorte á candidata Belén Villar, “presentamos á mellor. De Belén din que é moi seria, pois canta falta faría



criticou o endebedamento desde a oposición, “ten pedido préstamos que eles non van pagar, e hipotecan ás corporacións futuras e aos veciños de Ponteareas, durante vos próximos

unha persoa como ela entre os ministros do Goberno de España. Es unha líder e coñeces cada un dos problemas de Ponteareas. Estamos seguros de que serás a próxima alcaldesa”.



Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

CONDADO/PARADANTA

ACiP denuncia “amiguismo” do goberno de Ponteareas cara a determinados propietarios de fincas urbanas

Semanas despois de denunciar a situación na que se atopa a finca de Granitos, en pleno casco urbano de Ponteareas, o estado da leira segue a ser o mesmo en canto a sucidade e perigosidade para os usuarios; os últimos coincidindo coas festas patronais, pois volveu a usarse como aparcadoiro público sen adoptar medida algunha.

Ante esta situación, e xa atendendo a obrigatoria -por lei- limpeza de fincas, especialmente preto de núcleos urbanos, ACiP ven de solicitar no concello a listaxe de leiras urbanas as que o concello enviou notificación esixindo o cumprimento da normativa.

Por sorpresa nesa relación non aparece a de Granitos, demostrando unha vez máis que en moitos eidos o goberno local actúa por simpatías e amiguismo.

“Tal e como indica a lei de prevención de incendios forestais, o goberno municipal ten a obriga de comunicar e esixir a tódolos propietarios que manteñan limpos os terreos”, sostén o voceiro municipal de ACiP, Juan Carlos González Carrera, “e se a lei é igual para todos, tamén o é para os propietarios da leira de Granitos; máis aínda sendo un terreo que o concello usa como aparcadoiro, que está preto de vivendas e que, como xa o denunciemos, o seu estado



de limpeza, seguridade e salubridade é nefasto. Aquí hai un claro caso de favoritismo e iso non se pode permitir”.

Ante a negativa do goberno municipal a actuar de oficio e comunicar por igual a todos os propietarios de leiras a cumprir coa lei, ACiP decidiu presentar

denuncia no concello esixindo o cumprimento da norma.

Alén diso e en relación con esta finca de Granitos, González Carrera insiste en que “agardamos con ansia o documento definitivo do Plan Xeral, porque sospeitamos que haberá sorpresas con esa finca”

Comeza o curso na Escola de Música de Xinzo

Deu comezo o curso na Escola de Música de Xinzo con preto de 100 alumnos e cun cadro de 10 de profesores que garanten a ensinanza da maioría das especialidades musicais.

Este curso a Escola impartirá clases tamén no Centro Cultural de Arcos e o Concello de Ponteareas acometerá obras de mellora e ampliación das instalacións da Escola de Música, que comezarán en decembro cun prazo de execución de tres meses.

Os interesados en iniciar ou continuar os seus estudos musicais podense poñer en contacto nos teléfonos 620 06 14 34 ou 655 29 65 76.

Abogados Moreno

bsuarez@abogadosmoreno.es www.abogadosmoreno.es

986410949 (Vigo) - 986182122 (Salvaterra)

Calle Venezuela, 12, 1º E. Vigo.
Rúa Galicia, 5. Salvaterra de Miño.

Civil
Empresarial
Penal

nemesio.barxa@barxadvogados.gal www.barxadvogados.gal

Sam Donmigos, 39, 1ºB . 988 228 420 . Ourense

Praza da Princesa, 6, 1ºA . 986 432 680 . Vigo

Rúa de Ceuta, 60, 5ºdta. . 351 220 020 58 . Porto

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

—
881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·

· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·

Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA

Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

ACUBAM aposta pola comunicación dixital das empresas do rural

A cuBam (Asociación de Cultivos Baixo Miño) celebrou as xornadas “A importancia da comunicación dixital na estratexia comercial das empresas”, organizadas en colaboración con ABANCA, VEMARGALICIA, Concello de Tomiño e Deputación de Pontevedra. O evento, no que tamén foi presentada a nova páxina web da asociación, contou coa presenza da presidenta da Deputación, Carmela Silva, e da alcaldesa de Tomiño, Sandra González.

Estiveron presentes tamén a alcaldesa do Rosal, M^a Carmen Alonso, e representantes de ADETO (Asociación de Comerciantes de Tomiño), e do IGAPE.

A xunta directiva de acuBam aproveitou o evento para presentar a nova web (<http://acu-bam.org/>), explicando as principais melloras da plataforma e as facilidades para os asociados, en relación ao acceso



á documentación e a información relevante para o sector. Ademais, esta nova plataforma permite acceder ás páxinas webs individuais de cada empresa asociada, mellorando o posicionamento, tanto da web da asociación, como a dos seus asociados.

Seguidamente, Chío Infante, de Venditos-Axencia Creativa, ofreceu unha sesión práctica na que falou da creatividade como factor diferencial nas estratexias de comunicación

das empresas.

Ademais, dende a Deputación de Pontevedra, contouse coa participación de Esther Garcíaño, asesora TIC do Programa SmartPeme, quen abordou a súa ponencia desde a prisma da era dixital e das ferramentas TIC que están ao alcance das empresas, para potenciar a efectividade dos seus procesos de comunicación.

Finalmente, a xornada rematouse cunha mesa redonda, aberta a todas as persoas

asistentes, que puideron interactuar cos convidados: Rita Álvarez, da Floristería Las Flores de Rita, e Jose Collazo, de Viveiros Río Tollo; empresas situadas na Comarca do Baixo Miño, e que tentaron transmitir a súa experiencia no deseño e posta en marcha dun plan de comunicación dixital, amosando os beneficios e retornos que a execución deste plan está a reportar en termos económicos nas súas empresas.

Tomiño formará auxiliares en atención socio-sanitaria

O Concello organiza xunto coa empresa Idades S.L. un curso teórico-práctico de auxiliar socio-sanitario, comprometéndose esta última a contratar polo menos, o 40% dos participantes

A acción formativa, de 140h de duración, realizarase durante os meses de outubro e novembro, e estará dirixida tanto a persoas desempregadas, como a traballadoras en activo e familiares de dependentes

Tomiño ten na actualidade 34 auxiliares de axuda no fogar que atenden unha media de 100 persoas maiores, dependentes ou enfermas. Ante a previsión de que a Xunta de Galicia aumente 900 horas máis para usuarios/as con dependencia, co que a demanda de man de obra, será moito maior, o Concello de Tomiño organiza un curso gratuito para formarse coma auxiliar socio-sanitaria/o, e poder ampliar logo o Servizo de Axuda no Fogar.

Unha historia, unha terra, un sentimento.
Tintos Señorío de Rubiós e Manuel D'Amaro,
DESCÚBREOS!

Bouza do rato s/n 36449 Rubiós. As Neves, Pontevedra. Galicia
886 667 212 info@srubios.com

SEÑORÍO DE RUBIÓS
www.srubios.com

CONDADO/PARADANTA

A Deputación de Pontevedra destinou en 3 anos case 30 millóns de euros ao Condado e A Paradanta

A Presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, expuxo na Cañiza o balance de inversións no Condado Paradanta que cifrou en preto de 30 millóns de euros.

"É o maior investimento da historia da Deputación nos concellos de Ponteareas, As Neves, Salvaterra, Mondariz, Mondariz-Balneario, A Cañiza, Arbo, Covelo e Crecente, dixo Silva, dos que máis de 18 millóns de euros corresponderon ao Plan Concellos 2018 e case 12 millóns ás distintas áreas do Goberno provincial. Son datos obxectivos que ninguén pode refutar. O selo da Deputación de Pontevedra está presente en todos os servizos e actividades destes concello de menos de 20.000 habitantes".

Carmela Silva, que relatou todos os datos dos últimos tres anos de investimentos na comarca, engadiu que "ningunha administración investiu como este Goberno nestes concellos que nunca tiveron tantos recursos en toda a historia da democracia".

En liñas xerais, preto de medio millón de euros en Emprego (e, a maiores, outros tres millóns do Plan Concellos 2018 destinados a esta finalidade), 1.500.000€ na área de Cohesión Social e Xuventude, preto de 300.000€ en Deportes, máis de 600.000€ en Cultura, preto de 4,5 millóns de euros en Mobilidade, 150.000 euros para a Igualdade entre mulleres e homes, 1,2 millóns de euros en Medio Ambiente, 150.000€ en Novas Tecnoloxías e preto de medio millón de euros en Turismo. Engadir, ademais, o Plan de Reequilibrio que, con proxectos por case 2 millóns de euros, beneficia aos concellos da Cañiza, Covelo, Crecente, Mondariz e As Neves; este último en 2016 tamén percibiu



do Plan PICEI financiación para a mellora do abastecemento de auga.

En Emprego, en tres anos a Deputación financiou a creación de 568 postos de emprego e de formación, con 3.685.000 euros: Plan Concellos 2018 (3.200.000€) e plans de práctica laboral e de mobilidade europea, outros 485.000€. Polo Plan Concellos 2018 creáronse 500 empregos: 49 nas Neves (349.000€), 38 en Mondariz-Balneario (170.000€), 53 en Mondariz (330.000€), 103 en Ponteareas (770.000€), 64 en Salvaterra (466.000€), 62 en Covelo (300.000€), 54 na Cañiza (350.000€), 46 en Arbo (252.000€) e 31 en Crecente (250.000€).

O investimento do Plan de Práctica Laboral foi de 380.000 euros: 247.000€ no Condado (35 bolseiros/as) e 133.000€ na Paradanta (17 bolseiros/as), ás que habería que sumar dúas bolseiras e bolseiros a dúas empresas de Ponteareas, por máis de 17.000€, dentro do Plan de Práctica Laboral en empresas; 14 prazas (programa de mobilidade estudantil Erasmus+ Practicum Depo) por un importe de 88.000 €.

En Cohesión Social e Xuventude, no Condado/Paradanta

foron 1.549.552€ que mobilizar a máis de 3.500 veciñas e veciños de 50 asociacións cos programas de actividades. A Deputación investiu 1.200.000€ en cofinanciamento dos servizos comunitarios (do que Ponteareas non se beneficiou por ter máis de 20.000 habitantes), 587.000€ na Paradanta (129.000€ en Covelo, 177.000€ na Cañiza, 178.000€ en Arbo e 103.000€ en Crecente) e 595.000€ no Condado (113.000€ nas Neves, 211.000€ en Mondariz-Balneario, 56.000€ en Mondariz e 215.000€ en Salvaterra). Ademais de un total de 199.550€ para axudas de emerxencia (das que Ponteareas tampouco se beneficiou polo mesmo motivo): 21.300€ nas Neves, 26.500€ en Mondariz-Balneario, 28.950€ en Mondariz, 36.000€ en Salvaterra, 19.500€ en Covelo, 26.500€ na Cañiza, 21.300€ en Arbo e 19.500€ en Crecente.

A través do programa de teleasistencia, no que participaron 179 mulleres e homes cunha achega de 14.000€: 27 persoas das Neves, 44 de Mondariz, 3 de Mondariz-Balneario, 16 de Salvaterra, 29 de Covelo, 26 persoas da Cañiza e 34 de Crecente. Nas liñas de axudas a colectivos sociais, beneficiá-

ronse un colectivo de Crecente, 4 de Ponteareas e 2 de Salvaterra con achegas superiores aos 33.000€.

Cos programas de actividades e de atención cidadá mobilizáronse 3.550 persoas das comarcas a través de Depo en marcha, En ruta coa Depo, DepoRúarte e Depo Aventura A Lanzada". En Depo en marcha participaron 524 persoas. En En ruta coa Depo participaron un total de 2.165 persoas e 45 asociacións das dúas comarcas. Un total de 375 persoas gozaron do termalismo de #PontevedraProvincia grazas ao programa Depothermal e outras 77 persoas reforzaron os lazos afectivos entre distintas xeracións dunha mesma familia grazas aos obradoiros de Tecendo lazos: Para as máis novas e os máis novos, a Deputación de Pontevedra levou as súas actividades de arte urbana no marco de DepoRúarte a 145 mozas e mozos: 13 da Cañiza, 121 de Mondariz e 11 de Ponteareas, coa colaboración do CPI Mondariz e o IES Barral de Ponteareas. Tamén entre o sector máis novo, 363 menores se beneficiaron dos campamentos de Depo Aventura A Lanzada: 22 da Cañiza, 10 de Arbo, 4 de Crecente, 10 das

Neves, 15 de Mondariz, 2 de Mondariz-Balneario, 135 de Ponteareas e 65 de Salvaterra.

Preto de 300.000€ en axudas, beneficiando a máis de 80 clubs, entidades, asociacións e deportistas da comarca". A Presidenta provincial informou en primeiro lugar da liña de axudas ao deporte federado das categorías base e inferiores, cun aumento de 200.000€ desde 2015 e nos permitiron chegar a un 10 % máis de clubs en toda a provincia". No caso do Condado e a Paradanta, beneficiaron a 10 clubs de fútbol e 40 asociacións deportivas, cun total de 105 achegas e un investimento de 118.500€. Ademais, a Deputación investiu 80.000€ na liña de achegas aos clubs de categoría estatal nas súas disciplinas, beneficiando a 4 clubs e outros 5.000€ en deporte náutico, para o Club Tea de Mondariz-Balneario. No apartado de organización de actividades, eventos e probas deportivas, a institución provincial achegou un total de 45.000€ que permitiron financiar 23 actividades: 10.000€ nas Neves, 7.000€ en Mondariz, 13.000€ en Ponteareas e 15.000€ en Salvaterra.

A Deputación colaborou con 11 deportistas de Ponteareas, Salvaterra, Mondariz, Covelo e Arbo por un importe de 4.000€. Ademais, a Copa Deputación supuxo a participación con éxito de 13 clubs de fútbol por valor de preto de 15.000€; tamén instalou 12 Deporte escolas nos concellos das Neves, Mondariz, Ponteareas e Covelo, que atenderon a máis de 250 nenas e nenos que practicaron judo, patinaxe, balonmán, fútbol e piragüismo. Outras e outros 56 menores chegaron desde As Neves (2), Mondariz (1), Ponteareas (33), Salvaterra (15) e Covelo (5) aos campamentos polideportivos Príncipe Felipe

Continúa na páxina seguinte....

CONDADO/PARADANTA

...Ven da páxina anterior.

e a Presidenta tamén resaltou as achegas a través de DEPO-comparte para o préstamo de material a clubs das comarcas para a realización de competicións e actividades deportivas.

Na área de Cultura investiu máis de 600.000€ para realizar máis de 100 actividades dos concellos, das asociacións, das entidades e das comisións de festas do Condado e a Paradanta. A Presidenta lembrou que "cada ano desenvolvemos unha liña de colaboración co tecido socio-cultural da provincia, cunha temática diferente: Ano Castela, Ano do Patrimonio e Ano da Lingua. A través deste novo concepto achegamos en tres anos máis de 46.000€" para desenvolver 2 actividades en Covelo, 1 na Cañiza, 12 en Arbo, 8 en Mondariz, 12 en Salvaterra, 11 en Ponteareas e 4 nas Neves, un total de 50. Dentro das axudas para a dinamización da lingua galega, cunha liña dirixida a concellos e outra a entidades culturais, destináronse 88.000€ que chegaron aos concellos das Neves, Mondariz, Ponteareas, Salvaterra, Covelo, A Cañiza e Arbo (58.000€), e tamén a colectivos sociais das Neves, Ponteareas, Salvaterra e Arbo (30.000€). Ademais, a institución provincial achegou 130.000€ á rehabilitación e sinalización do patrimonio das Neves (16.000€), Mondariz (12.500€), Mondariz-Balneario (12.000€), Ponteareas (45.000€), Salvaterra (25.000€), Covelo (16.000€), A Cañiza (6.400€) e Arbo (8.000€). Destacan nesta liña distintas rehabilitacións na fortaleza de Salvaterra, o Xulgado de Paz da Cañiza, a Casa do Concello de Mondariz-Balneario ou a Biblioteca-Museo de Ponteareas, entre outras actuacións. Investiu 272.000€ en concellos e comisións de festas para contratar grupos de música e baile co programa Pontegal.

Un investimento superior a 4 millóns de euros (4.336.400€) para a realización de "obras de mellora en todas as estradas

provinciais do Condado e a Paradanta e distintos plans de mobilidade". Nos últimos tres anos, sinalou, "licitamos e/ou iniciamos obras por importe de preto de tres millóns e medio de euros, 33 actuacións en todas as estradas provinciais neste territorio. Tamén se financiou cun total de 144.000€ a realización de 16 asistencia técnicas precisas para o desenvolvemento das obras. Destaca a mellora da mobilidade peonil e seguridade viaria, mellora de drenaxe e capa de rodaxe, construción de muros, melloras da sinalización e obras de emerxencia.

O Plan Móvese con máis de 480.000€ ás comarcas, en todos os concellos agás Mondariz-Balneario, coa construción de 53 pasos peonís (13 nas Neves, 5 en Mondariz, 15 en Ponteareas, 6 en Salvaterra, 4 en Covelo, 2 na Cañiza, 3 en Arbo e 5 en Crecente) e a instalación de 47 redutores de velocidade (8 nas Neves, 12 en Mondariz, 21 en Ponteareas, 5 en Covelo e 1 en Arbo). A Deputación investiu nas 33 estradas provinciais localizadas en todos os concellos das comarcas 131.000€ co Plan de sinalización viaria e 145.000€ co Plan de pintado das estradas, así como investiu 81.000€ no Plan de desbroces e limpeza para actuar nun total de 416.975 metros.

Na área de Igualdade, o investimento foi de preto de 150.000€ para "fomentar a igualdade e a concienciación contra as violencias machistas con máis dun centenar de cursos", sinalou a Presidenta Carmela Silva, que informou de que grazas á colaboración cos concellos de menos de 20.000 habitantes para a implantación de accións e medidas para o fomento da igualdade e a prevención das violencias machistas, puidéronse financiar 11 actuacións: a redacción de plans de igualdade nas Neves, Salvaterra e Covelo e a realización de actividades de sensibilización e relacións saudables nas Neves,



Mondariz, Arbo e A Cañiza. A través do programa Conectadas, financiáronse 127 cursos por valor de 106.000€ colaborando con asociacións veciñais, de mulleres e asociacións culturais, achegando formación transversal en igualdade: 9 cursos nas Neves (4.300€), 15 en Mondariz (13.000€), 3 en Mondariz-Balneario (3.000€), 72 en Ponteareas (62.000€), 3 en Salvaterra (3.000€), 5 en Covelo (4.000€), 5 na Cañiza (4.000€), 8 en Arbo (7.000€) e 10 en Crecente (9.000€). Ademais, os programas Mulleres en Acción. Violencia Zero e Cinema e Muller chegaron ás Neves, A Cañiza, Ponteareas e Salvaterra, cun investimento próximo aos 4.000€.

A Deputación tamén investiu 1,2 millóns de euros en Medio ambiente para implantar "un novo modelo de sustentabilidade e coidado da nosa contorna e dos nosos sectores produtivos", resaltando o Plan Revitaliza con máis de 960.000€ investidos no Condado e a Paradanta, entre os convenios con Amigos da Terra e as achegas de materiais e composteiros para As Neves (352.000€), Mondariz (391.000€) e Mondariz-Balneario (212.000€) e tamén coa instalación de cinco composteiros comunitarios nas Neves, Mondariz, Mondariz-Balneario e Ponteareas (dous) cuxa xestión corre a cargo do persoal da Deputación de Pontevedra,

persoal que tamén elaborou os plans de residuos destas vilas.

A creación de parques forestais supuxo ata agora máis de 118.000€ con 7 actuacións no parque da Serra de San Fins (As Neves), os parques de Gargamala, A Lagoa e Viveiros da Franqueira (Mondariz) e os parques da Picaraña, Seixifornaviveiro e San Cibrán-Muiños-Couso (Ponteareas). A liña de mantemento dos campos de fútbol, con maquinaria e persoal propio, permitiu realizar 34 actuacións en Covelo, A Cañiza, Arbo, As Neves, Mondariz, Ponteareas e Salvaterra por valor de 72.000€. As liñas de axudas ao sector primario beneficiaron á cooperativa Nutre en BIO de Salvaterra (4.600€), á Asociación de desenvolvemento rural Ódega das Neves (30.000€) e á Confederación Hidrográfica de Mondariz (59.000€).

En Novas tecnoloxías o investimento sitúase preto dos 153.000€ "para implantar a administración electrónica e impulsar as TIC a través do servizo SmartPeme". No caso da administración electrónica, o investimento foi de 43.000€ para formar a un total de 515 persoas funcionarias (36 de Covelo, 67 da Cañiza, 33 de Arbo, 47 de Crecente, 25 das Neves, 44 de Mondariz, 27 de Mondariz-Balneario, 180 de Ponteareas e 56 de Salvaterra), e pola súa banda SmartPeme beneficiou a 55 empresas (5 da Cañiza, 9

de Mondariz, 38 de Ponteareas e 3 de Salvaterra) desde a oficina de Ponteareas, cun investimento de 110.000€.

En canto a Turismo Rías Baixas, o investimento nas comarcas situouse en preto de 500.000 euros. Carmela Silva lembrou que "este Goberno ten unha decidida aposta pola posta en valor do turismo de interior, colaborando cos concellos e cos colectivos das comarcas para a promoción dos seus recursos". O Goberno provincial investiu nestes tres anos 7.000€ en actuacións de promoción nos concellos de Arbo, As Neves, Mondariz-Balneario e Salvaterra: gastronomía, enoturismo, rutas, blog trips, campañas de patrimonio material e inmaterial, de promoción dos museos e o patrimonio literario ou de turismo familiar e termal... Ademais, o Plan de Mellora do castelo do Sobroso, cunha inxeción de 388.000€, permitiu "convertelo nun referente turístico da provincia, suprimindo as humidades, mellorando a iluminación e a electricidade, mellorando os xardíns e a sala de actividades, cortando os seus eucaliptos e implantando visitas teatralizadas con Dona Urraca", sinalou a Presidenta. Ademais, na liña de axudas turísticas, tres achegas por importe de preto de 23.000€ permitiron a promoción da Festa da Lamprea ou o Corpus de Ponteareas, entre outras.

BAIXO MIÑO

TUI

Entregado o proxecto de desentullo na Subdelegación de Goberno

O alcalde de Tui Carlos Vázquez Padín, fixo entrega na Subdelegación de Goberno en Pontevedra do proxecto de desentullo da zona afectada pola explosión de Paramos.

Este proxecto encargado e costeadado polo Concello deberá agora levalo a diante o goberno de España xa que o importe total da operación supera os 3 millóns e medio de euros.

O alcalde mostrouse confiado en que efectivamente o goberno central asuma o custo desta retirada tal como adiantaran membros do goberno, anda que, para coñecer a resposta definitiva haberá que esperar unha



ou dúas semanas.

O proxecto inclúe a deconstrución das edificacións danadas, a consolidación da mampostería e sillerías antigas, o desentullo da zona e o transporte dos residuos as instalacións autorizadas, ademais do arranxo de muros de peche. Se calcula que se van retirar un

total 14 toneladas de material nun área de 25.000 metros cadrados. O prazo previsto para levalo adiante é de 3 meses.

O feito de que o goberno central asumira unha gran parte das peticións leva a abandonar a medida de presión de acampar cada luns diante da Subdelegación de Goberno.

Malestar pola tardanza na declaración de Paramos coma Zona Gravemente Afectada por unha emerxencia

O concello de Tui, a través do alcalde, Carlos Vázquez Padín, amosa o seu malestar pola tardanza do goberno central en tomar a decisión de declarar o barrio da Torre en Paramos coma Zona Gravemente Afectada por unha emerxencia de Protección Civil, tras a explosión de material pi-

rotécnico nun almacén ilegal o pasado 23 de maio.

No concello amósanse sorprendidos pola rapidez coa que o Consello de Ministros tomará esa decisión con respecto aos municipios afectados polo incendio sucedido en Llutxent, Valencia, o pasado mes de agosto. Compreendendo a necesidade

destes municipios tras os feitos rexistrados o mes pasado, non entende coma máis de tres meses despois da catástrofe en Tui, na que faleceron dúas persoas, 37 resultaron feridas, 31 casas quedaron completamente destruídas e máis de 300 danadas, con preto de 800 afectados, se segue sen tomar esta decisión.

O colexio de Guillarei estreará ascensor

Venres 7, o Delegado Provincial de Educación, Cesar Pérez Ares, acompañado polo alcalde de Tui, Carlos Vázquez Padín, e a Concelleira de Educación, Mila Gonzalez, e o Deputado autonómico, Moisés Rodríguez Pérez acudiu o CEIP de Guillarei para comprobar o estado das obras do ascensor que se instalou nese centro. Un ascensor que estará plenamente operativo para o inicio deste curso e que vai servir ara facer accesible a segunda do colexio.

A obra supuxo un investimento de 57.000€. O ascensor



ten unha capacidade de 400 kg con capacidade para varias persoas e unha cadeira de rodas.

No caso do colexio de Guillarei até o momento hai unha usuaria en cadeira de rodas

que se vai ver beneficiada por esta instalación. Esta obra no colexio de Guillarei abre a posibilidade de estudar outros casos en colexios de Tui onde favorecera a mobilidade.

A Policía Local de Tui precinta a pirotécnica La Gallega



Tal como estaba previsto, as 9.00h do día 10 de setembro, a Policía Local de Tui acompañada de técnicos municipais e en presenza da Guarda Civil de Tui, o Grupo de intervención de Arma e explosivos de Pontevedra ademais da propiedade e a súa representación legal, personouse na instalacións de pirotecnia La Gallega S.L. para proceder ao seu precintado.

O alcalde de Tui, Carlos Vázquez Padín, acompañado polo concelleiro de Seguridade, Antonio Castro Negro, desprazáronse tamén até Baldrás, lugar onde está situada a empresa pirotécnica.

Despois de realizar unha visita ao interior da empresa,

tomouse decisión de non realizar o levantamento topográfico xa que no interior da factoría aínda se almacena material pirotécnico, inmediatamente despois a Policía Local procedeu ao seu precinto.

O alcalde recordou que hai unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza do ano 2015, que el leva no cargo solo 10 meses pero que é vontade do concello cumprir esa sentenza, como demostra o precinto de hoxe.

No interior dalgunhas casetas había material cuxa retirada está sendo tramitada pola empresa propietaria e que debe ser retirado antes de calquera actuación no interior da pirotecnia.

Tui dotará de detectores de fume aos maiores de 65 anos

O Concello de Tui a través da Concellería de Seguridade que dirixe Antonio Casto Negro, pon a disposición das persoas residentes no municipio maiores de 65 anos e que preferiblemente vivan soas un detector de fume para a súa vivenda.

Este aparello ten un mantemento mínimo e de moi fácil colocación así as persoas maiores poderán dispor no seu fogar dun aparato que detecta o fume e que ven acompañado dunha guía e

consellos onde se explica de xeito moi fácil como hai que colocalos. Tamén o mantemento do detector e as precaucións que debemos ter en conta.

As persoas interesadas en obter este aparato de detección de fume deberán dirixirse as oficinas municipais de luns a venres en horario de 9.00h a 14.00h para facer a súa petición.

A entrega destes detectores é froito dun convenio coa Axencia Galega de Emerxencias.

A GUARDA

As oficinas de Turismo da Guarda atenderon a máis de 2000 persoas nos meses de xullo e agosto

A oficina de turismo do concello da Guarda ampliou os seus servizos durante a época estival, abrindo unha oficina adicional de información turística no Porto da Guarda, ademais da xa existente na Praza do Reló. A finalidade deste reforzo foi o de garantir unha maior e mellor atención dos visitantes na localidade, que nestes meses aumentan notablemente a súa afluencia, rexistrándose un total de 2136 persoas atendidas e 802 consultas varias na oficina turística do Porto da Guarda.

As tarefas desenvoltas na oficina de información turística baseáronse na atención directa do visitante; proporcionando información turística, tanto sobre os recursos e eventos de interese da localidade, como sobre os existentes na comarca e localidades próximas.

Destacou nesta tempada estival a gran afluencia de bañistas, dato que non quedou rexistrado nas oficinas de turismo, pero que si se comprobou a pé de praia, rexistrando unha ocupación moi



alta, sobre todo no mes de agosto, grazas a boa climatología e a calidade dos areas fluviais e marítimos da Guarda, contando con dous distintivos de Bandeira Azul nas Praias de Area Grande e O Muíño e un distintivo de «EcoPlayas» na Praia do Muíño.

Outro dato a resaltar foi a ampla participación nos eventos culturais que ao longo desta tempada estival se sucederon en diferentes espazos públicos do municipio, cunha axenda cultural moi extensa e para todas as idades nas que os eventos musicais, exposicións e festas gastronómicas tiveron un forte protagonismo.

As visitas guiadas ao Monte Santa Trega tamén congregaron nos meses de xullo e agosto a unha boa parte dos visitantes do municipio, que cada fin de semana participaron nas visitas á Citania de Santa Trega, ao Via Crucis ou ao Museo Arqueolóxico de Santa Trega, reunindo a máis de 1400 participantes de diferentes nacionalidades.

No apartado deportivo, a Travesía a nado, o Torneo de Balonmán Praia, o Torneo de Basket ou o DepoDesafío tamén contaron cunha afluencia significativa, destacando non só ao número de participantes, senón tamén ao público asistente a estes eventos.

Prazos de inscricións dun Curso de Pilates e das Escolas Deportivas de Patinaxe e Baloncesto

Ábreanse os prazos de inscricións para as próximas actividades deportivas que se levarán a cabo no Concello da Guarda.

Por unha banda o mércores 12 de setembro se abre o prazo de inscricións para o Curso de Pilates, unha actividade deportiva que se levará a cabo os martes e xoves de 19:00h a 20:00h e

que terá un custo mensual de 28,50€.

Do 10 ao 28 de setembro estará aberto o prazo de inscricións para as Escolas Deportivas de Patinaxe e Baloncesto que se imparten na Guarda a través da Deputación de Pontevedra. O horario previsto para as Escolas de patinaxe é os luns de 17:00h a 19:00h, unha hora por

grupo. O horario previsto para as Escolas de baloncesto é os venres de 16:00h a 18:00 h tamén unha hora por grupo.

Toda a información e inscricións sobre estas actividades facilitarase na OMIX da Guarda, no teléfono 986 61 0000 ext.1015 ou no enderezo electrónico: informacion@aguarda.es

A Guarda ratifica o seu rexeitamento ao emprego de herbicidas químicos e glifosato

O Pleno da Guarda aprobou, con 10 votos a favor e 7 en contra na sesión do 1 de abril do ano 2016, unha moción contra o uso non agrario de herbicidas, tendo en conta que o glifosato é un axente «probablemente canceroxénico para os seres humanos» segundo a Axencia de Investigación do Cancro (IACR).

Ante a constancia de que, no mes de xuño do presente ano, as brigadas de mantemento de estradas desprazadas ata o Concello da Guarda, empregaron este tipo de substancias tóxicas, lembramos novamente ás administracións encargadas da limpeza destes viarios públicos, que dita práctica está prohibida polo Concello da Guarda a través da citada moción.

Nesta moción, considérase que a aplicación de herbicidas químicos para os usos non agrarios nos espazos de uso público, estradas ou redes de servizo na totalidade do termo municipal queda prohibida e deben ser substituídos por métodos non químicos, unha decisión que está avalada pola lexislación europea, a través da Directiva 2009/128/CE do Parlamento Europeo para un “Uso Sustentable dos Pesticidas”, que no seu capítulo IV contempla a prohibición de herbicidas nestes espazos, e do Real Decreto 1311/2012 do 14 de setembro, que en harmonía coa Directiva do Parlamento Europeo establece no capítulo I, a capacidade da administración competente.

En España o Real Decreto 1311/2012, de 14 de setembro, establece que a actuación para o uso sostible dos produtos fitosanitarios no territorio español, sinala que: “a administración competente en cada caso pode aplicar o principio de cautela limitando ou prohibindo o uso de produtos fitosanitarios en zonas ou circunstancias específicas» e que ademais «os órganos competentes establecerán para os seus ámbitos territoriais medidas para informar e sensibilizar en especial referencia aos riscos resultantes do seu uso e posibles efectos agudos e crónicos para a saúde da poboación, os organismos no obxectivo ...así como sobre a utilización de alternativas non químicas...»

Desde xeito dende o Concello da Guarda recórdase a existencia de alternativas viábles ós herbicidas químicos para o control de vexetación non desexada mediante métodos mecánicos ou térmicos.



BAIXO MIÑO

A GUARDA

A Guarda valora positivamente a calidade e afluencia nos diferentes eventos realizados durante o verán 2018

Dende a Concellería de Cultura faise unha valoración moi positiva das diferentes actividades e eventos do Verán Guardés 2018.

Entre as actividades e eventos organizados dende Concello da Guarda, cabe destacar a IV Edición de Noites no Castelo, cunha masiva afluencia de público ó Castelo de Santa Cruz, gozando dos Concertos de música tradicional galega a cargo dos grupos Ardentía e Milladoiro (estes últimos dentro do Programa da Deputación Musigal 2018).

Outro dos eventos musicais salientable deste verán foi o Música nas Prazas, que tiveron como citas o Concerto de Lique na Praza de Salcidos, Bieitosolo na Praza de San Amaro e Pepe Vaamonde na Praza do Reló, congregando de igual xeito a un bo número de asistentes nestes espazos públicos.

Tamén o público familiar desfrutou con Saboor, un espectáculo infantil que se realizou en Xullo no Auditorio San Benito. As Visitas Teatralizadas foron de novo un éxito deste verán guardés, asistindo de media máis de 70 persoas a cada unha das 7 citas realizadas os xoves de Xullo e Agosto a cargo da compañía de teatro "Os Quinquilláns", conseguindo facer as delicias do público.

Este ano como novidade, ofertouse o Cinema de Verán, tres citas co cinema para as familias na Praza do Reló e tamén na mesma praza tivemos a sorte de contar coa música de Uxía, dentro do Programa da Deputación Violencia Zero e tamén os Concertos de Magín Blanco e Najla Shami a través do programa Vive o Camiño da Xunta de Galicia.

Pero non só foron eventos organizados polo Concello os que tiveron un gran éxito de público este verán, as asocia-

cións guardesas, que traballan a reo durante todo o ano, organizaron tamén eventos diversos e para todos os públicos en diferentes espazos do municipio. Na música tradicional destacan o Encontro dos Pobos, o Festival Folclórico Luso Galaico, o Serán da Guía, o Solsticio de Verán, entre outros. O mundo da danza quedou representado cos festivais de Baile Moderno e Danza organizados por Xamaraina, Ballet Studio 88 e Do-Majó.

A Guarda contou unha vez máis con eventos musicais e concertos de apoio á música local e rock, como o Mercado da música, o Rock Guardés, o Son do Tegra e eventos como a II Mostra C.D Baixo Miño e o Galifornia Beat IV, que tendo como principal actividade as probas de skate, mesturan outras probas deportivas, arte urbana e música nun evento multicultural.

Sen esquecer os do Festival de Bandas e as diferentes mostras musicais que organizou a Agrupación Musical da Guarda ao longo deste verán.

Este ano ademais se uniron ó verán guardés eventos musicais novos, como a I Festa da Xuventude, o Interlude Fest e o Sons da Guarda.

Tamén para os nosos maiores, organizouse por parte do Club da Terceira Idade da Guarda a Festa dos Avós e todos gozaron e participaron das Festas Patronais que cada ano diferentes Comisións de Festas organizan na Guarda: as Festas de San Antonio, a Festa Castrexa, as Festas do Carmen, as Festas de San Queitano, as nosas Festas do Monte e tamén das Misas e Procesións de San Roque e Virxe da Guía. Ademais neste último tramo de verán, en Setembro poderemos desfrutar da Romería de Santa Trega e das Festas das Mercedes, que este ano celebran

o seu centenario cunha ampla programación de actividades.

En canto á gastronomía durante o verán caben destacar a Festa da Langosta e a Festa do Peixe Espada que na Carpa do Porto da Guarda reuniron a milleiros de persoas, tendo este ano un considerable aumento de comensais e propoñendo ó público eventos musicais e deportivos como Mitic o Espectáculo ou Concerto de BSO da Agrupación Musical da Guarda a Travesía a Nado e o Campionato de Inclusivo de Motonáutica, que encheron o Porto da Guarda. Destacaron tamén a Festa do Percebe ou a Festa do Mexilón, reunindo a moitos comensais na Alameda da Guarda.

E por suposto contamos tamén con actividades culturais relacionadas co mundo literario. Destacan o XXXII Certame de Poesía "Feliciano Rolán" organizado pola Agrupación Cultural Guardesa; a Presentación do libro "Hospital Casa Asilo da Guarda. Centenario de una Institución Benéfica nacida en Puerto Rico" de Miguel Villa e "El Abrazo del Sauce" de May Ferreira, finalista do Premio Planeta, sen esquecer os de "Na Sombra do Tegra" coordinado por F.Álvarez Koki e Deputación de Pontevedra, tendo unha gran acollida de público ámbolos catro.

En canto á exposicións, destacamos a Exposición organizada polo Concello da Guarda "Así Somos" na Casa dos Alonsos, cunha gran afluencia de público asistente ademais de facer obrairos dentro da propia exposición no que participaron dous asociacións da Guarda: Redeiras do Baixo Miño Atalaia e Asociación de Alfombras da Guarda, esta última Asociación foron os encargados de decorar as rúas guardesas na Festividade do Santísimo no mes de Xuño. Ademais foron varias as Exposicións



que houbo no Centro Cultural este verán. "Cambia de Perspectiva" de Pablo Lubiáns; "Faros de Galicia" de Carlos Ramos Fernández; "Trieb" de Jesús Rodríguez Ortiz e "Raíces Celtas en la Amazonía Venezolana" de Oscar Noya Alarcón.

O Museo do Mar, acolleu a Exposición promovida dende a Deputación de Pontevedra "Achegas das mulleres á sustentabilidade do mar" unha interesante iniciativa que pretende amosar o traballo da muller no mundo do mar.


A Concellería de Cultura da

Guarda colaborou en todos os eventos organizados polo amplo tecido asociativo existente no municipio e quere agradecer de xeito moi especial ós traballadores dos Departamentos de Cultura, Turismo e Prensa así como tamén ó traballo incansable dos operarios de rúa, que sen eles sería imposible coordinar e levar a cabo todos estes eventos. Do mesmo xeito quere agradecer a toda a vila da Guarda o seu apoio e agarrado aplauso a tódalas iniciativas que durante este verán se levaron a cabo na nosa vila.

A Guarda pon en marcha a campaña de Mobilidade «todo moi preto»

O Concello da Guarda ven de por en marcha o lanzamento da Campaña de Mobilidade «todo moi preto», destinada á mellora da mobilidade da poboación e á concienciación do uso responsable do transporte en favor da mobilidade peonil nas rúas da Guarda, na que se inclúen o reparto de 10.000 trípticos informativos, campañas promocionais en medios de prensa, así coma unha xornada de xogos na rúa e o sorteo dun cento de carros da compra.

Con este fin levaranse a cabo diferentes accións e actividades nos espazos públicos orientadas á concienciación do uso da rúa para a xente, facilitando o movemento a pé polo casco urbano da vila, co emprego das prazas de aparcamento disuorio postas en marcha nos últimos meses. O obxectivo é ir retirando de xeito paulatino os vehículos da rúa e darlle prioridade aos peóns no centro da vila, cunha filosofía de uso racional dos vehículos, coma o caso da Praza do Reló, tendo coma referencia o proxecto de Francesco



Tonucci da Rede Española de Cidades das nenas e dos nenos, da que A Guarda forma parte.

Plano Metrominuto: A Guarda «todo moi preto»

Esta acción inclúe a elaboración e reparto e distribución en colaboración con colectivos empresariais de 10.000 planos «Metrominuto» en formato tríptico, nos que se especifican os tempos e distancias entre

os principais puntos do casco urbano coma a Praza do Reló, a Alameda, os aparcamentos, as zonas de servizos, entre outros. O obxectivo é visibilizar que na Guarda todo está máis preto do que pensamos, polo que se empregamos os aparcamentos disuorios existentes, desprazarnos a pé polo casco urbano é moi doado e esixe unha media de

menos de 10 minutos para achegarse á maioría dos espazos de interese comercial, turístico ou de servizos. A maiores o tríptico inclúe tamén información de varias rutas a pé existentes no noso municipio coma os Camiños do Trega PR-G 112, a Ruta da Desembocadura PR-G 160, a Senda Litoral, a Ruta das Cetáreas e o Sendeiro Azul.

Sorteo dun cento de carros de compra

A Guarda promoverá a mobilidade, o comercio e a dinamización do mercado municipal da Praza de Abastos co sorteo dun cento de carros da compra para que os veciños e veciñas os empreguen para mercar no casco urbano. Dende o Luns 17 de setembro repartiranse papeletas entre os clientes da Praza de Abastos e realizaranse sorteos de 20 carros semanais o 24 de setembro, 1, 8, 15 e 22 de outubro.

Xornada de xogos na rúa

Ademais se inclúe tamén nesta campaña unha xornada de xogos na rúa, para por en valor estes espazos públicos para o uso e disfrute da cidadanía, unha actividade que terá lugar coincidindo coa inauguración da Rúa Concepción Arenal tras obras de mellora na vindeira primavera e na que os rapaces e rapazas da vila gozarán de actividades con xogos tradicionais e moitas sorpresas que se anunciarán previamente.

A campaña está subvencionada con cargo ao Plan Concellos da Deputación de Pontevedra.



NOVAS DA RAIA

Transporte gratuito para os alunos e oferta de fichas de atividades do 1º e 2º ciclo do Ensino Básico, em Monção

A Câmara Municipal de Monção está apostada em reforçar as condições de funcionalidade e aprendizagem nos estabelecimentos de ensino do Agrupamento de Escolas de Monção, criando um conjunto de medidas para implementação no ano letivo 2018/2019.

Em conjunto com o apoio para a aquisição de material de limpeza e cedência de material escolar aos estabelecimentos de ensino, o Município de Monção vai garantir transporte escolar gratuito a todos os alunos e oferecer as fichas de atividades do 1º e 2º CEB, do ensino público.

Além de constituir um importante apoio financeiro para os encarregados de educação, a oferta das fichas de ati-

vidades, que acontece pela primeira vez, contribui para a rentabilização da economia local, uma vez que a encomenda das fichas apenas é possível nas papelarias do concelho.

O transporte escolar gratuito abrange todos os patamares de ensino público, tendo havido a preocupação da autarquia em definir trajetos que permitam aos alunos sair mais tarde e chegar mais cedo a casa. Uma vantagem para quem vive nas zonas mais afastadas da sede do concelho.

No capítulo da educação, referência ainda para intervenções estruturais no parque escolar do concelho. Recentemente, decorreram obras de requalificação no Jardim de Infância de Cortes e avançam

os trabalhos previstos para a Escola Secundária de Monção.

Destaque ainda para a participação na alimentação dos alunos com escalão, prolongamento de horário com atividades extracurriculares, apoio na frequência do ensino superior público e Banco Municipal de Livros Escolares, disponibilizando manuais usados e tratados do 7º ao 12º ano.

No dia 12, na Biblioteca Municipal, foi entregue material escolar aos alunos acompanhados pela Comissão de Proteção de Crianças e Jovens de Monção. Iniciativa apoiada pelo Centro Funerário do Alto Minho (CFAM), constando da entrega de kits escolares constituídos por cadernos, lápis, afias, canetas, tesouras, colas e lápis coloridos.

Câmara Municipal de Cerveira dá as boas-vindas aos professores do concelho



Como tem vindo a acontecer desde 2015, o Município de Vila Nova de Cerveira voltou a assinalar, esta segunda-feira, no Salão Nobre dos Paços do Concelho, a abertura do novo ano letivo com uma rece-

ção oficial aos docentes do Agrupamento de Escolas. Este foi o primeiro momento de um dia dedicado a conhecer o Concelho, com uma visita guiada aos espaços da XX Bienal de Arte de Cerveira.

13 atletas do Deu-la-Deu Karaté Clube de Monção participam no Campeonato Europeu



O XIX Campeonato Europeu de Karate Goju-Ryu realiza-se entre 19 e 23 de setembro, na cidade da Maia. O encontro vai juntar diversos países europeus e centenas de atletas que vão competir em Kata (formas), Kumite (combate desportivo) e Irikumi (combate tradicional).

O Deu-la-Deu Karaté Clube de Monção participa nesta competição internacional com 13 atletas nas vertentes de Kata e Kumite. A preparação dos atletas já começou, tendo, no passado sábado, decorrido mais um treino supervisionado pelo Sensei António Costa, com a presença do presidente, António Barbosa, e do vereador, João Oliveira.

Os jovens monçanenses presentes neste campeonato europeu são: Daniela Fernandes,

André Alves, João Amoedo, Rodrigo Oliveira, Vítor Hugo Oliveira, Mateus Fernandes, Joel Ribeiro, Pedro Fernandes, Ruben Alves, Pedro Santos, Pedro Peres, Maria Guedes, e Marta Ferreira.

Fundado em 2010, o Deu-la-Deu Karaté Clube de Monção tem em atividade perto de uma centena de atletas de diferentes idades, promovendo demonstrações públicas da modalidade e participando em encontros de karaté realizados em diferentes regiões do país.

Um dos pontos altos da atividade do clube é a organização de um torneio internacional de karaté, em Maio, o qual engloba centenas de atletas e dezenas de clubes de vários países. Entre estes, contam-se alguns campeões nacionais e regionais em vários escalões.

Primeiro Ministro inaugurou requalificação da EB 2,3 S de Melgaço



Primeiro Ministro, António Costa, inaugurou a requalificação da Escola Básica e Secundária de

Melgaço. Um investimento elegível de 1 milhão e 110 mil euros, cofinanciado pelo FEDER no valor de 943.500 euros.

PORTUGAL

'In Common Sports': Boa prática liderada por Cerveira já está a ser replicada em três países europeus

Cerca de 400 atletas com mais de 60 anos de três países europeus – Bulgária, Hungria e Itália, além de Portugal – estão prontos para, entre setembro e outubro, participarem na primeira ronda de atividades do projeto 'In Common Sports', liderado pelo Município de Vila Nova de Cerveira. Objetivo é aumentar a consciencialização para o exercício físico de grupos mais vulneráveis e contribuir para cimentar o espírito de uma Europa verdadeiramente sem fronteiras, em todas as suas vertentes.

Desde março do corrente ano que os atletas seniores portugueses, búlgaros, húngaros e italianos, parceiros no projeto 'In Common Sports', estão a dinamizar treinos semanais para demonstrar que a prática desportiva associada ao convívio constitui uma motivação extra para a adoção de estilos de vida mais saudáveis.

É chegada a hora da 'competição', e os primeiros a entrar em campo são os participantes búlgaros. Entre esta segunda e quarta-feira, o Município de Aksakovo está a organizar os jogos de futebol, basquetebol, danças folclóricas, vôlei, natação, entre outras modalidades, no estádio de Aksakovo e no campo de basquetebol em Varna.

Nos dias 22 e 23 de setembro, é a vez dos participantes italianos, com a participação de 60 seniores do Município de Cesena e cuja edição será incluída no evento Cesena in Wellness – uma feira que promove a saúde



e o bem-estar. De sublinhar que, neste caso concreto, as diferentes modalidades desportivas, adaptadas e em jogos tradicionais olímpicas, estão a ser disseminados no calendário italiano da Semana Europeia do Desporto 2018.

A edição portuguesa do 'In Common Sports' decorrerá entre 26 e 28 de setembro, em Arcos de Valdevez, com cerca de 150 atletas com mais de 60 anos de idade, representando os seus municípios nesta edição das Olimpíadas Intergeracionais. Os 10 municípios alto-minhotos e o concelho galego de Tomiño apresentam-se novamente em forma para participar na iniciativa que já é uma referência europeia na promoção da prática desportiva entre a população sénior. Para além das modalidades desportivas universais (Atletismo, Natação, Voleibol e Basquetebol) e dos jogos tradicionais (petanca, petanca, boccia e corda), esta edição conta com a introdução de duas novas competições que proporcionam aos atletas a experiência do polo flutuante e do rugby adaptado.

O encerramento desta primeira ronda de competições

no âmbito do projeto está agendado para a Hungria, no início de outubro, no qual mais de 100 atletas seniores provenientes de Budapeste e Százhalombatta vão praticar basquetebol, atletismo, petanca e arco e flecha.

O projeto 'In Common Sports – Intergenerational Competition for Sport and Healthy Lifestyle of Senior Citizens' tem como objetivo aprofundar o conhecimento dos fatores motivacionais para a prática continuada de exercício físico na população idosa e o impacto da competição "Olimpíadas Intergeracionais" no estado de aptidão física e mental do idoso. O consórcio de parceiros vai promover a realização de um estudo que envolverá 350 participantes, e a implementação de 12 competições "Olimpíadas Intergeracionais" com a participação mínima de 500 pessoas, e o envolvimento de 80 organizações locais (IPSS's, associações de jovens, desportivas e voluntários). A candidatura, submetida pelo Município cerveirense ao programa Erasmus + Sport, conta com um financiamento superior a 300 mil euros.

Já arrancaram as atividades do Desporto para Tod@s 2018/2019

Com a entrada do mês de setembro, a Amizade Cerveira-Tomiño deu início às atividades do Programa Desporto para Tod@s 2018/2019. A primeira ação da 'Piscina em Família' decorreu no sábado e as sessões para 'Maiores de 55 anos' arrancou esta terça-feira. Inscrições mantêm-se abertas até preenchimento das vagas disponíveis.

Criado em 2016, com o objetivo de implementar um plano de atividade desportiva saudável, controlada e adaptada em torno do convívio, bem-estar psicológico e físico, e intercâmbio cultural entre as duas comunidades vizinhas de Vila Nova de Cerveira e Tomiño, o Programa 'Desporto para Tod@s' tem alcançado uma excelente adesão por parte da população-alvo.

Neste sentido, para 2018/2019, as duas autarquias voltam a apresentar um programa gratuito de atividades desportivas. No passado sábado, 1 de setembro, deu-se a estreia da atividade 'Piscina em Família', que oferece sessões de natação e iniciação ao meio aquático para crianças dos 3 aos 10 anos acompanhadas de familiares. Esta atividade a decorrer na Piscina Municipal de Vila Nova de Cerveira está agendada para todos os primeiros sábados de cada mês às 18h00 (PT), com ex-



ceção dos meses de dezembro e agosto.

Quanto às Atividades Desportivas (aulas de pilates, ginástica, zumba, fitness, entre outras) para maiores de 55 anos, o primeiro treino aconteceu esta terça-feira às 09h00 (PT) no Pavilhão Municipal de Desporto de Vila Nova de Cerveira, sendo replicado na quinta-feira às 10h00 (GAL) em Tomiño, mantendo-se assim semanalmente.

As pessoas interessadas podem efetuar inscrição online através do participacerveiratomino.eu, descarregando o formulário específico nas páginas web de ambos os municípios ou do projeto Amizade Cerveira-Tomiño (amizade-cerveira-tomino.eu) ou ainda através do preenchimento do documento disponível nas Juntas de Freguesia e Piscina Municipal.

O programa 'Desporto para Todos' integra o projeto COOP-ACT – Agenda Estratégica de Cooperação Transfronteiriça Amizade Cerveira-Tomiño, projeto cofinanciado em 75% pelo Fundo Europeu de Desenvolvimento Regional (FEDER) através INTERREG V-A POCTEP 2014-2020.

**información interesante
na nosa WEB**

www.novasdoeixoatlantico.com

Visítennos

EIXOATLÁNTICO
JORNAL GALEGO-PORTUGUÊS DA GALLARICIA

Aberto o prazo de exposición pública do Inventario Municipal na Guarda

O Concello da Guarda avanza na realización do inventario de bens municipais a través dunha aplicación informática de acceso e consulta dun xeito sinxelo e áxil da totalidade dos bens de propiedade municipal, realizada pola empresa Procat Ingeniería y Medioambiente SL.

No día de hoxe, 13 de setembro, saíu publicado no BOP-PO o anuncio de exposición pública do expediente de rectificación deste proxecto e que abrangue 20 días hábiles, ata o 15 de outubro, para que sexan presentadas as alegacións ou reclamacións ao mesmo. O horario de visita e consulta deste inventario é de luns a venres de 9:00h a 14:00h na Sala de Reunións do 1º andar da Casa dos Alonsos.



Esta aplicación informática recolle fincas, edificios, estradas, camiños... para que o persoal municipal teña un acceso directo a esta información, necesaria case a diario para a emisións de certificados das titularidades dos bens, cando se realizan tarefas sobre os

mesmos e á hora da xustificación de subvencións, axudas e outras xestións municipais.

Nesta aplicación informática contase coa posibilidade de construír unha base de datos con tódolos rexistros que se desexen incluír e xestionar deste modo o mantemento dos activos

do inventario, coa particularidade que toda a información pode ser tratada xeograficamente, filtrado de información segundo as necesidades, clasificación dos bens por epígrafes, emisión de certificados, entre outras posibilidades.

O desenvolvemento desta ac-

tuación realízase en 5 fases de actuacións, cun tempo total de 12 meses.

Para a súa posta en marcha, xa se realizou a aprobación inicial no pleno municipal do pasado 30 de xullo, o presente anuncio no BOP e o prazo de exposición pública e alegacións. Unha vez resoltas as posibles alegacións, se levaría novamente a pleno para súa aprobación definitiva. A lexislación vixente establece que o inventario de bens municipais debe de actualizarse anualmente, incluíndo aquelas modificacións, ou altas e baixas segundo correspondan.

Esta actuación está subvencionada con cargo ao Plan Concellos da Deputación de Pontevedra por un importe de 21.538€.

A Guarda potencia o patrimonio do mar co proxecto «A Guarda, Mar de sal»

O Concello da Guarda realizou a presentación do proxecto «A Guarda, Mar de Sal», contando coas intervencións de Montserrat Magallanes, Concelleira de Turismo; Xavier Crespo, Concelleiro de Patrimonio; Brais Currás, coordinador e investigador do proxecto (Investigador do CEAACP da Universidade de Coimbra, e membro do grupo de investigación EST-AP do CSIC); Elena Herbello, Xerente do Galp Ría de Vigo-A Guarda; Mar Cortegoso, directora das escavacións, así coma diferentes persoas vinculadas directa e indirectamente co mesmo.

«A Guarda, Mar de Sal» é un proxecto de recuperación e posta en valor das salinas da zona do Seixal e Camposancos, na fachada atlántica sur do termo

municipal da Guarda e, que se levará a cabo en dúas anualidades ao amparo das estratexias de desenvolvemento local participativo EDLP GALP7-066 aprobadas polos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro para o desenvolvemento sostible das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca 2014-2020, baixo a coordinación científica de D. Brais Currás.

O proxecto contempla a escavación arqueolóxica, traballos de topografía e prospección, documentación fotogramétrica, rutas guiadas, restauración e consolidación, instalación de paneis informativos, análise edafolóxica, datación por OSL, un proxecto de ciencia cidadá que botará a andar o próximo ano, deseño dunha páxina

web, e a edición dunha guía arqueolóxica cos resultados dos traballos.

Coa presente actuación A Guarda recuperará os traballos arqueolóxicos na zona do Seixal, buscando tanto ampliar a zona escavada no ano 2015, como manter visible unha superficie ampla dos restos de salinas que existen nesta zona, aproveitando ademais a existencia da senda litoral, para darlle un maior protagonismo e visibilidade ao xacemento, cunha interesante revalorización cultural e turística deste entorno.

As salinas da Guarda, segundo as escavacións realizadas no ano 2015 no Seixal, poden formar parte dun complexo salineiro de cronoloxía romana de maiores dimensións. O proxecto arqueolóxico permitirá descubrir

a súa verdadeira extensión e coñecer con precisión a súa cronoloxía.

Como parte da intervención arqueolóxica, farase tamén unha limpeza no entorno das salinas escavadas na rocha situadas na Armona -na baixada a Camposancos- e levarase a cabo unha prospección sistemática pola costa para a identificación destas estruturas, moi pouco coñecidas e das que case nada se sabe da súa orixe.

Dende o Concello da Guarda agrádese o compromiso de diferentes institucións públicas e privadas, que dende un primeiro momento se comprometeron e apoiaron este proxecto, coma a Entidade Local Menor de Camposancos, o Grupo de Acción Costeira GALP Ría de Vigo-A Guarda, a Confraría de

Pescadores Santa Tecla, a Organización de Palangreros Guardeses ORPAGU, o IES A Sangriña, a Asociación Naturalista «Baixo Miño» ANABAM, a Asociación de Redeiras Atalaia, a Deputación de Pontevedra, así como ás institucións científicas encargadas da súa execución: o CEAACP da Universidade de Coimbra UC, a Universidade de Santiago de Compostela USC, o grupo de investigación EST-AP do Consejo Superior de Investigaciones Científicas CSIC, Universidad Complutense de Madrid UCM, e a Universidade da Coruña UDC.

De igual xeito agrádese aos particulares que cederon de xeito gratuito as súas propiedades para realizar estes traballos de intervención arqueolóxica e de posta en valor das Salinas do Seixal.